



MARGA DO VAL

ESCRITORA, CRÍTICA LITERARIA E ACTRIZ

"Eu decidín ser alemá. Agora teño saudades desa miña segunda patria, onde decidín querer unha lingua por elección".

"O Teatro é para mim o xénero literario por excelencia, o xénero de todo, literatura e moito máis: arte completa".



BIBLIOTECAS
municipais

Nacín en Vigo, nun hospital que era, popularmente o Pirulí, a Residencia sanitaria "Almirante Vierna". De pequena ninguén me sabía explicar a razón de que o lugar onde eu nacera levara este nome, o dun militar ferrolán franquista que fora afundido co seu cruceiro (O Baleares).

De viguesa en min hai moito. Vigo segue sendo a cidade por excelencia de referencia. A cidade á que ía de pequena, en que vivín cando din aulas no Instituto de Coruxo, (1989-1995). Cando tardo en ir a Vigo e volvo, sinto que estou volvendo a casa. Isto ocórre-me tamén cando chego a Tréveris en Alemaña. Lugares que son casa. Son poliamorosa cos lugares, non hai un só lugar, quero a moitos e a todos lles son leal. Creo que Vigo lle deu á miña vida un ritmo vertiginoso que non deixou de me habitar nunca. Síntome viva nas súas costas arriba e abaxo. Encantaríame volver vivir nesta cidade. Xa non digo o que foi Vigo nos oitenta, todo. María Xosé Queizán di que a ela lle gustaría morrer vendo a ría de Vigo, enténdoa perfectamente, desde o Castro hai unha vista magnífica, é como se tiveses a cidade na túa man.

TRÉVERIS, VIVIR EN GALEGO EN ALEMAÑA

Eu era lectora de lingua e cultura galega, daba aulas nun espazo que se chamaba O Galician Zentrum, que actuou como unha especie de embaixada de Galicia en Alemaña. O director era o profesor Dieter Kremer. Antes de chegar a Trier sabía del polos estudos de toponimia, que nos atraían á miña promoción pola aulas de lingüística románica co profesor Francisco Fernández Rei; o profesor Kremer era discípulo do profesor Piel, unha eminencia nos estudos de toponimia galega e portuguesa, sobre todo no referente á toponimia xermánica. Foron cinco anos marabillosos estes que fun lectora. Era vivir en galego en Alemaña, e o galego tiña o mesmo valor que calquera outra lingua románica. Anos marabillosos, as actividades culturais que realizabamos eran impresionantes.

En Alemaña nun concerto de música coñecín Alexander Schmuck, namoramos e decidimos casar. Houbo unha transfusión, el fíxose galego

e eu alemá. Viviamos entre Tui e Ober-Hilbersheim. Galiza e Alemaña, man a man, corazón más corazón. Familias e amizades que crecían nunha banda e na outra. Viñeron moitas viaxe dun lado a outro. E despois Suíza, Bélxica, Francia, Holanda, Portugal, España, Brasil, Bretaña, Cataluña, Euskadi, Gales, Inglaterra... e unha viaxe grande que nos marcou: Etiopia, Ruanda, era o 2009.

"Con cincuenta anos vivín a terríbel morte do meu compañoiro Alexander Schmuck, fiquei co noso fillo Tamiru soa e coa súa dor inmensa que era maior ca miña".

FEMINISMO

Foi moi importante para min, fundamental, coñecer María Xosé Queizán, pertencer a FIGA (Feministas Independentes galegas), estar ao redor da Festa da Palabra. Fundamental para a miña formación feminista, antes autodidacta, intuitiva. Mudoume a vida. Aprendín e rin moito. Sei do fundamental da revista A Festa da Palabra como potenciadora e divulgadora da escrita da muller, da escrita feminista. Sei que ao redor desta publicación xorde o que eu chamei Movemento da Festa da Palabra silenciada, que envolvía e aglutinaba a todas as poetas que poetizaban o mundo desde Galiza polo ano 96, cando se produciu o Primeiro Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas, daquela falabamos entre todas as xeracións unhas aprendímos das outras nun diálogo constante desde Luz Pozo Garza até, por exemplo, Emma Couceiro.

Agora para min é un pracer formar parte da Segá. As compañeiras traballan moito e todas lemos e opinamos e isto é algo marabiloso, sentirte nun colectivo, un club privado, cos nosos cuartos propios, que danza diante do público. Non te sentires soa é algo que fai feliz.

XELA ARIAS, POETA, TRADUTORA, AMIGA, CRUCE DE CAMIÑOS

Non sei se o día das Letras abonda para que se lea a poesía de Xela Arias. O que si foi importante é que a súa obra poética esgotada, volveu publicarse e todos os poemas reunidos no ano 2018 grazas ao traballo de María Xesús Nogueira. Fixérонse edicións individuais, as imaxes de Xela Arias inundaron a nosa vida, mais non sei se se está a facer unha lectura comprometida, con este adxectivo quero dicir honesta, intentando ler, tratando de indagar no seu verso. Non sei se se le más o que se di de Xela Arias que a Xela Arias en moitos casos. E en moitos casos penso que se nos dá unha imaxe superficial de Xela Arias, sen entrar detrás das portas do seu rostro. Non abonda con dicir que Xela Arias era rebelde, habería que entrar na rebeldía dos seus versos, de toda a súa praxe poética.

Xela Arias é unha escritora que se escribiu e que nos escribiu ás mulleres do seu tempo. Unha escritora que retorceu a lingua para se incluír e para nos incluír. Cada palabra ten vida propia, por iso cando lemos Xela Arias temos que nos deter en cada palabra e en cada espazo en branco, que son palabras ausentes. Por iso todos os temas sempre son novos nos seus poemas, desde outra visión. Incluiu a súa perspectiva, que era nova, desde "Denuncia do equilibrio" soubo levar as marxes á literatura e, sobre todo, seres moi vivos que van ter corpo e palabra en "Tigres coma cabalos". En "Dario a diario", unha nai inédita que acampaña o fillo na aprendizaxe da independencia. Xela Arias preguntou: "Que agardas, fogar do soño e os rumorosos?". E tamén dixo: "Intempériate, fogar dos rumorosos" e isto convida a pensar.

No seu derradeiro libro volveu cuestionar(se) e cuestionar(nos) dixo:

Intempériome.

LETRAS GALEGAS 2021

Xela Arias
Poesía reunida
(1982-2004)

